

Resolución núm. 2020/9787

RESOLUCIÓN

Cese de don Gabriel Alén Castro como Coordinador do Grupo Popular.

Con data 21 de xullo de 2020, don Gabriel Alén Castro presentou escrito no Rexistro Xeral desta Deputación (núm. anotación 2020033018) no que solicita o cese no seu posto de Coordinador do Grupo Popular por mor de saír electo como Deputado para o Parlamento da Xunta de Galicia nas eleccións autonómicas do 12 de xullo do presente ano.

Dado que actualmente don Gabriel Alén Castro desempeña o posto, reservado a persoal eventual, de Coordinador do Grupo Popular, cuxo nomeamento e cese é libre, procede o seu cesamento neste posto.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Declarar o cese de don Gabriel Alén Castro no seu posto de Coordinador do Grupo Popular, con efectos do día trinta e un de xullo de dous mil vinte, agradecéndolle os servizos prestados.

2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electronicamente por 34962672G
JOSE MANUEL BALTAR (R: P3200000B)
Presidente da Deputación de Ourense
24/07/2020 - 6:57:40

Asinado electronicamente por JUAN
MARQUINA FUENTES - 76711621C
O Vicesecretario Xeral
24/07/2020 - 8:48:01